



José Manuel Mayo Priegue en calidade de secretario accidental do Concello de Muros,

**CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 18 de outubro de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**2. Asuntos económicos contratación:**

**a) Aprobación do expediente de licitación da obra de mellora do pavimento da travesía da Alivía e do acceso a Ventín POS+2023 (Exp. núm.: 2023/C003/000004)**

*Visto que mediante memoria efectuada pola Alcaldía do Concello de Muros do 10 de outubro de 2023, detectouse a necesidade de realizar a contratación da obra de a "Mellora do pavimento da travesía da Alivía e do acceso a Ventín".*

*Visto que consta no expediente informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente así como emisión da retención de crédito correspondente.*

*Visto que emitiuse pola Secretaría informe de procedemento sobre a lexislación aplicable, procedemento a seguir, órgano competente para aprobar e adjudicar o contrato e demais aspectos previstos normativamente.*

*Visto o informe proposta favorable de Secretaría e o informe de fiscalización previa favorable da Intervención municipal.*

*De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e artigo 117 da LCSP, así como a delegación efectuada pola Alcaldía, mediante decreto núm. 697/2023 de 26 de xullo, publicada no BOP núm. 147 de 3 de agosto, a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:*

*PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do contrato da obra a "Mellora do pavimento da travesía da Alivía e do acceso a Ventín " incluída no POS+2023 da Deputación da Coruña.*

*SEGUNDO. Aprobar e autorizar o gasto polo importe do orzamento de licitación de 153.000,00 €, con cargo ao saldo de créditos retidos da aplicación orzamentaria 2023/1532/60900 do estado de gastos do Orzamento municipal do 2021, prorrogado no RC 220230005487.*

*TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e prescricións técnicas que figuran como anexo deste acordo e que constan no expediente.*

*CUARTO. Publicar o anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público.*

*QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.*

*SEXTO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante que é a seguinte:*

*Presidencia da mesa:*

- *Presidencia: Concelleira delegada de obras e servizos, promoción económica e festexos, participación cidadá e relacións veciñais, ensino e lingua, Laura Eiras Rivadeneira.*



## CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 A Coruña  
T. +34 981 826 050

- *Suplente: Concelleiro delegado de persoal, servizos sociais e igualdade, Mario Martínez Lago*

### *Vogais:*

- *A titular da Secretaría municipal, Mónica Freire Dosil, que actuará como vogal xurídico, ou funcionario/a que actúe como secretario/a accidental.*
- *O titular da Intervención municipal, Francisco Abeijón Núñez, que actuará como vogal ou funcionario/a que actúe como interventor/a accidental.*

### *Secretaría da mesa:*

- *José Manuel Mayo Priegue, funcionario de carreira do Concello de Muros.*
- *Suplente: María Noelia Louro Louro, funcionaria do Concello de Muros.*

*SÉTIMO. Facultar a alcaldesa do concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

E para que así conste, coa excepción do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, ao non terse aprobada a acta e, por tanto, a reserva dos termos que resulten da aprobación correspondente, expido este certificado da orde e co visto e prace da alcaldesa dona María Lago Lestón na data da sinatura dixital.

Documento asinado electronicamente.